



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E DOUS DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte. 2021/G007/000015

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta minutos do día vinte e dous de marzo de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN: **18.03.21**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a acta da sesión citada.

2º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN (ADXUDICACIÓN): ACOMETIDA E BOMBEO NA CUBETA (MEIRÁS).- **Expte.- 2020/C003/00002**

Examinada a tramitación do expediente de contratación, da que consta como último antecedente o acordo de Xunta de goberno local de cinco de marzo de dous mil vinte e un que ten coma fundamental contido:

“....”

“Aprobado o expediente de contratación da obra:”*Proxecto de acometida eléctrica e bombeo en A Cubeta (Meirás)*”; *incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+ 1/2019), 2ª Fase e financiada ao 100% pola Deputación Provincial.*

Proxecto redatado por José Manuel Saavedra Pantín, arquitecto técnico 978 COAATAC” cun importe total do proxecto: 41.649,24 euros (IVE incluído); IVE: 7.228,38€; prezo sen IVE: 34.420,86€.

Realizada a publicación da Licitación na Plataforma de Contratos do Estado e presentadas as ofertas, en sesión de 10.12.20 a Mesa de Contratación abriu e examinou a documentación do sobre "A", resultando que das empresas presentadas requeriuse a unha delas presentación de documentación. Na sesión da Mesa de Contratación de 14 de xaneiro de 2021 examinouse a documentación requirida aportada resultando finalmente que todas as empresas licitadoras presentaron a documentación completa e correcta, quedando admitidas na licitación.

Tamén en sesión de data 14.01.21, a Mesa de Contratación celebra sesión para apertura das ofertas económicas, contidas no sobre "C", e procede á valoración das ofertas, empregando o Programa de Valoración de Ofertas da Deputación Provincial da Coruña, empregando como prezo de licitación a cantidade do proxecto sen IVE: 34.420,86 euros, resultando:

CIF: B70033261 ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E CONSTRUCCION SL:
100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 30.840,38 Baixa (%).- 10,40.
Puntuación: 48,53

CIF: B15590581 ESQUEIRO, S.L.:
100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 27.114,01 Baixa (%).- 21,23.
Puntuación: 79,02

CIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.:
100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 30.806,67 Baixa (%).- 10,50.
Puntuación: 49,00

CIF: B36548873 FORMATESA LALIN S.L.:
100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 22.125,65 Baixa (%).- 35,72
(temeraria) Puntuación: 100,00

CIF: B70057898 PROYMEL MONTAJES S.L.:
100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 25.650,00 Baixa (%).- 25,48
Puntuación: 85,17

CIF: 44849273D RUBÉN JOSE NOYA MALLO :
100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 32.395,00 Baixa (%).- 5,89
Puntuación: 27,49

CIF: B70142369 TÉCNICA NORTE ELECTRICIDAD, S.L.:
100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 24.999,10 Baixa (%).- 27,37
Puntuación: 87,91

De conformidade co estipulado no punto 15.4 dos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen para a contratación mediante procedemento

aberto (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), das obras comprendidas nos plans provinciais, A MESA por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

1.- EFECTUAR REQUERIMIENTO á empresa incurso en baixa temeraria

CIF: B36548873 FORMATESA LALIN S.L.:

100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 22.125,65 Baixa (%).- 35,72 (temeraria) Puntuación: 100,00 para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES xustifique a oferta, acompañando a documentación e tendo en conta o que se refire no apartado 15.4.3 e 15.4.4. da presente cláusulas (15.4). Realizado o correspondente requerimento á empresa incurso en baixa, presenta en prazo a documentación para a xustificación da baixa; que se remite en data 25.01.21 á oficina técnica de obras e urbanismo municipal, e o arquitecto técnico municipal en data 23.03.21 emite o informe que di:

“...”

V. Como conclusión a todo o anterior, o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa FORMATESA LALÍN SL, **non queda xustificada a oferta económica presentada consonte ao Prego de cláusulas administrativas particulares da presente obra, polo que deberase seguir considerando como unha oferta economicamente desproporcionada.**

...”

“**Visto** o informe técnico antedito, esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Considerando que a seguinte empresa licitadora en puntuación é.

CIF: B70142369 TÉCNICA NORTE ELECTRICIDAD, S.L.: Puntuación: 87,91; que presenta a oferta:

a) Prezo sen IVE: 24.999,10 €

b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 5.249,81 €

c) Total (a+b): 30.248,91 €

REQUERIR a dito licitador para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación; do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación; incluía a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación, excluído o IVE; 1.249,95 euros); **aos efectos de poder serlle adxudicada a obra.** De conformidade co punto 16.2 do citado prego, de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o proposto licitador retira a súa oferta procedendo a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte.

Segundo.- Notificar o presente acordo a **TÉCNICA NORTE ELECTRICIDAD, S.L e a FORMATESA LALIN, S.L** ” para o seu coñecemento e efectos.

Tramitada o disposto pola Xunta na sesión do 5.03.21,

Visto que **TÉCNICA NORTE ELECTRICIDAD, S.L** presentou a documentación requirida en prazo (registro 202199900000618 de 13.04.21) e que constan no expediente os debidos informes de non débedas da mesma con este Concello,

A Xunta de Goberno Local, coma órgano de contrtación en sesión de 22.04.21, ACORDA:

PRIMEIRO.- ADXUDICAR o contrato de obra: “ **Proxecto de acometida eléctrica e bombeo na Cubeta (Meirás)** ” á empresa: **TÉCNICA NORTE ELECTRICIDAD, S.L - CIF: B-70142369;** polo prezo: Prezo sen IVE : 24.999,10 €; Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21% Importe: 5.249,81€; Prezo de adjudicación total .- **30.248,91 € (Trinta mil douscentos corenta e oito euros e noventa e un céntimos) e polo prazo de execución de 3 MESES.**

SEGUNDO.- Dispor do gasto correspondente na correspondente partida do orzamento municipal 1532.61900

TERCEIRO.- Encomendar a dirección da execución da obra ao redactor do proxecto Jose Manuel Saavedra Pantín -que asumirá no seu caso as tarefas de coordinación de seguridade e saúde; e notificarlle o nomeamento.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo á intervención municipal aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO.- Notificar a adjudicación aos licitadores para o seu coñecemento e efectos e ao adjudicatario do contrato a efectos da sinatura do presente contrato que deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación.

SEXTO.- Publicar o anuncio de adjudicación do contrato.

3º.- ESCRITOS E DOCUMENTACIÓN DA DIRECCIÓN DE OBRA EN EXPEDIENTES: 2019/C005/000002 DA OBRA “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO CAMPO DE FUTBOL DE MOURENTE” E 2019//C005/000003 DA OBRA ”MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO POLIDEPORTIVO DE MEIRÁS”.

Dase conta á Xunta de Goberno dos escritos registro 202199900000568 de 6 de abril de 2021 de don José Manuel Saavedra Pantín no que indica como representante de INVEDRA PROXECTA SLP que para o investimento de mellora de eficiencia enerxética no campo de fútbol de Mourente actuará como director de obra: Ramiro Calvo Saavedra e como coordinador de seguridade e saúde José Manuel Saavedra

Pantín e do escrito 20210000569 de 6 de abril de 2021 no que indica que actuará coma Coordinador de seguridade e saúde él mesmo paraa o investimento mellora de eficiencia enerxética no polideportivo de Meirás.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, tomou coñecemento dos escritos e aceptou o seu contido.

4º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: CAMIÑO NA VILAXE (VILABOA) E OUTROS.-

Expte. 2019/C003/000001

Visto que por acordo de Xunta de Goberno Local do Concello de Valdoviño, adoptado en sesión de 23 de setembro de 2019, adxudicouse a obra “Camiño na Vilaxe (Vilaboa) e Outro”, incluída no POS+2018 Adicional da Deputación Provincial da Coruña á empresa “José No Mantiñán e Hijos, Construcciones S.A”, NIF A15013162.

Visto escrito do Colexiado Migual A. Fernández Rivera, Colexiado n.º 27.796 con número de rexistro 202199900000600 de 12 de abril de 2021 en el que INFORMA lo siguiente que se transcribe literalmente:

“Tras ejecutarse las obras de referencia, se firma el acta de recepción el día 17/04/2020, certificando que las obras se encuentran totalmente terminadas y ajustadas al proyecto contratado.

Tras realizar una visita a la zona de obras se constata que algunas pistas incluídas en el proyecto, presentan algún defecto de ejecución. Las carreteras que presentan estos defectos son: Camino na Vilaxe, Camino da costa (Zona Baleo), Camino bajada a laguna por chinos, Camino da Saria y Camino Canto do Muro.

Por estar dentro del plazo de garantía y, antes de proceder a la devolución de la garantía constituída por el contratista, éste deberá proceder a la subsanación de dichos defectos.

Se deberá comunicar al contrtista de las obras lo expuesto en el presente informe para que se proceda a la subsanación lo antes posible”.

Esta Alcaldía, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Requerir á empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A, para que proceda á subsanación das deficiencias sinaladas no informe do director de obra “Camiño na Vilaxe (Vilaboa) e Outros”.

Segundo.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar o proposto pola Alcaldía.

FORA DA ORDE DO DIA

- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PLAN DE ACCION PARA O CLIMA E A ENERXIA SUSTENTABLE (PACES) DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

Proposta de Alcaldía:

“A incorporación do Concello coma asinante do Pacto de Alcaldes polo Clima e a Enerxía Sustentable, fai necesario dotar a Valdoviño do PACES. Neste marco a Consellería de Medio Ambiente sacou ás liñas de axudas para a súa redacción á que Valdoviño acudiu. Dita achega é de 6000 euros.

Vista a proposta presentada pola empresa AXIA CG (Consulting Group de Asesoramento Xeral e Actualidade s.l.) e unha vez analizada có arquitecto municipal

Proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a AXIA CG (Consulting Group de Asesoramento Xeral e Actualidade s.l.) a elaboración do PACES de Valdoviño por un importe de 6.000 €, seis mil euros (IVE ENGADIDO).

Segundo.- Notificar o presente acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local, resolverá o que estime máis convinte.

Valdoviño, 22 de marzo de 2021
O Alcalde,
Asdo.: Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local aprobou, en votación ordinaria e por unanimidade a adxudicación do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) do concello de Valdoviño

PARTE DE ACTIVIDADE

4º.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PARA A SEGURIDADE DO COVID-19.-

Asistentes:
Alberto González Fernández - Presidente
Rosa Ana García López
Sergio Saavedra Gutiérrez
Alejandro Antonio Garcia Sousa
Jessica Sabín Fernández

Destaca o Sr. Alcalde que o Concello de Valdoviño segue con nivel de restrición media baixa, segundo aparece na Orde do 21 de abril de 2021, na que establecen medidas de prevención específica coma consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica

derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia; seguindo pechada dita Comunidade agás coas excepcións especificadas.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo rogos nen preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar , sendo as dez horas e trinta minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente, e coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

Documento asinado dixitalmente á marxe pola Secretaria Municipal e polo Alcalde